

A hand pointing upwards is centered in the background of a blue header. Overlaid on the hand and background is a network diagram consisting of several circular nodes connected by thin lines. Each node contains a small silhouette of a person. The overall theme is digital connectivity and technology.

PLAN DIXITAL

**CEIP P. Cardeal Quiroga
Palacios**

2022-2023

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Denominación: CEIP Plurilíngüe Cardeal Quiroga Palacios

Domicilio: Rúa Villaldía 33-35 - 15706 - Santiago de Compostela

Teléfono: 981 543 181 Fax: 981 520 196

Enderezo electrónico: ceip.cardeal.quiroga@edu.xunta.es

Centro de titularidade pública, creado no curso 1967/1968 e ubicación urbana. Impártense os niveis educativos de Infantil e Primaria.

No presente curso 2021/2022 ten 21 unidades en funcionamento, sendo 7 de educación Infantil e 14 de primaria.

É un centro adscrito ao IES Eduardo Pondal.

Actualmente ten alumnos: 167 no segundo ciclo de educación infantil e 309 en educación primaria.

Conta con 34 mestres e mestras, repartidos en: 9 de infantil (7 titoras e 2 de apoio), 14 titores de primaria (3 deles con perfil de inglés) 1 de música, 2 de inglés, 2 de EF, 2 PT, 2 de AL, 1 orientador e 1 de relixión católica.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Contextualización

O Centro está situado na zona de Monte de Conxo, no barrio do mesmo nome. Pertence á parroquia de Nosa Sra. da Merced. É unha zona de expansión urbanística nos últimos anos.

O barrio conta con dous centros socio culturais: a Asociación Cultural Aurelio Aguirre e o Centro socio-cultural de Sta Marta, que promoven diversas actividades e actos culturais ao longo do ano. Destas actividades participan alumnos e alumnas do Centro, así como algúns pais e nais.

Está en funcionamento unha gardería municipal da que recibimos alumnos para iniciar o 2o ciclo da E. Infantil; así como doutras garderías de carácter privado.

Próximos ao Colexio hai tres centros de Saúde: o Centro de Atención Primaria, o Hospital de Conxo e o Hospital Clínico.

Existe boa relación co Concello de cara á participación do noso alumnado nas actividades ofertadas por este, e tamén para o bo funcionamento do Centro. Tanto en setembro como en xuño hai unha semana de Escola de Verán.

O alumnado do Centro procede na meirande parte da área de Conxo e da zona de influencia: A Rocha, Vidán, Mestre Mateo, Santiago de Chile, Praza Praza Roxa, Avda. de Vilagarcía e un nutrido número de alumnos procedentes da zona do Milladoiro no Concello de Ames.

A maioría do alumnado que se incorpora en Infantil asiste previamente a diferentes garderías o que facilita moito a súa adaptación.

Contamos cun número importante de familias procedentes doutras culturas e países.

Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo

O Plan Dixital está estreitamente vinculado cos obxectivos do centro en relación aos seguintes puntos:

- Aumento do desenvolvemento das competencias claves no alumnado (nomeadamente, a competencia dixital).
- Fomento da participación activa das familias na vida do centro a través das canles dixitais establecidas para a publicación da información relevante relativas ao mesmo (información de natureza tanto administrativa como educativa e cultural).
- Disposición de ferramentas para asegurar o acceso dixital tanto ao alumnado como ás familias, tanto a nivel formativo como infraestrutural.
- Aumento do impacto da actividade do centro na comunidade educativa grazas a adaptación do colexio a unha realidade na cal as tecnoloxías e os medios dixitais supoñen a principal vía de relación informativa (e formativa) co noso entorno.

Pola súa natureza, o desenvolvemento do Plan Dixital supón unha proposta de superación dunha serie de necesidades no eido das infraestruturas e de formación dixitais que debe ter en conta a necesaria colaboración co equipo de TICS do centro. A superación destas necesidades, ademais de ser importantes dada emerxencia da educación dixital na nosa realidade sociocultural, é imperativa no noso colexio pola nosa participación en plans que promoven a dixitalización da educación (como o plan E-Dixgal ao que se acollen os cursos de 5º e 6º) ou a crecente comunicación coas familias a través das novas tecnoloxías (a través do portal ABALAR ou dos correos corporativos).

Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 22/23

O Plan Dixital implica avanzar no cumprimento dalgúns dos obxectivos do centro recollidos na Programación Xeral Anual, tais como:

- Potenciar as estruturas verticais e horizontais existentes no centro.
- Impulsar e poñer en marcha programas de innovación e formación que melloren o funcionamento do Centro.
- Favorecer o éxito escolar.
- Impulsar a utilización das novas tecnoloxías.
- Facilitar a comunicación entre as familias e o Centro Educativo.
- Promover a dotación de equipamento.
- Dar a coñecer o Centro.
- Favorecer o proceso de adaptación.
- Potenciar a utilización das TIC como recurso didáctico.
- Favorecer a atención personalizada do alumnado a partir do intercambio de información entre o equipo docente.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do centro, acóllese ao actual marco normativo da seguinte maneira:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para o desenvolvemento do Plan Dixital foi importante nun primeiro momento establecer un marco da situación relativa á implementación das novas tecnoloxías (tanto a nivel formativo como a nivel de infraestruturas) no centro e no conxunto da comunidade educativa. Para iso, realizáronse unha serie de tests destinados a valoración desta implementación por parte do equipo directivo, o profesorado e mais o alumnado. Estes tests foron o informe de autoavaliación SELFIE e mais o Test CDD, cuxos resultados pasaremos a detallar máis adiante.

Os resultados destes tests serviron para manifestar a situación da comunidade educativa en materia tecnolóxica, a partir da cal o equipo de Plan Dixital elaborou unha matriz DAFO na cal se estableceran as liñas prioritarias de actuación do centro para desenvolver o Plan Dixital.

Estas liñas prioritarias de actuación plasmáronse en obxectivos por parte do equipo do Plan Dixital tanto por motivo da súa emerxencia como pola concomitancia con actuacións que estaban baixo valoración do centro a través doutros equipos (nomeadamente o de TIC).

Finalmente, o presente plan Dixital foi elaborado polo equipo de Plan Dixital previamente á súa aprobación no claustro de profesorado e no Consello Escolar.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestruturas do centro:

Todas as aulas de titoría dos grupos teñen EDI, proxector e equipo (de sobremesa ou portátil) no posto do profesor con conexión á rede de datos do centro. A rede sen fíos Edixgal cobre todas as aulas do segundo andar, mentres que no baixo e primeiro andar temos a wifi Siega.

Hai 2 cursos habilitáronse dúas aulas no antigo CEFORE por falta de espazo no edificio principal. Estas aulas asignáronse ás especialidades de música e relixión e, aínda que o compromiso da Consellería era dispoñer dos mesmos recursos que no edificio principal, neste momento seguen sen ter conexión á rede, o que dificulta moitísimo a nosa labor docente ata o punto de deixar de utilizarse desde a especialidade de música.

A biblioteca do centro está dotada con 4 ordenadores de sobremesa para o alumnado e 1 portátil para o profesorado, pizarra dixital interactiva, proxector e mesa táctil infantil. É preciso revisar neste espazo o cableado nos postos do alumnado.

A aula de informática tamén dispón de EDI e proxector. Hai tres cursos substituíronse os servidores de N-Computing que viñan dando moitos problemas nos últimos anos e elaborouse un plan de utilización da aula (normas de uso, horario, recursos dispoñibles,...).

Temos unha fotocopiadora en conserxería cun servizo de renting instalada en rede cos equipos de administración e sala de mestres (na que temos 3 equipos: dous de sobremesa e un portátil). Hai tres cursos instalouse unha segunda fotocopiadora en branco e negro na sala de mestres conectada en rede coas aulas, o que facilitou moito o traballo docente. Este curso queremos conectar esta fotocopiadora tamén á wifi para acceder a máis funcionalidades como imprimir desde a rede sen cables ou desde o móbil.

Na entrada temos unha pantalla conectada a un reprodutor de dvd no que reproducimos fotos do centro, vídeos realizados polo alumnado e profesorado e outra información de interese para a comunidade educativa.

Servizos dixitais educativos

Os servizos dixitais que facilitan a xestión docente son:

- Aula virtual
- E-Dixgal
- Espazo Abalar
- Aplicacións varias (ClassDojo, etc...)

Xestión do mantemento do equipamento do centro

O equipamento do centro está sometido a unha verificación regular do seu funcionamento por parte do equipo TIC. Ademais, este equipo encárgase da resolución de dúbidas respecto do funcionamento do equipo e da solución de pequenas incidencias técnicas. No caso de non poder resolver as incidencias, o equipo TIC encárgase da comunicación e mediación co departamento de asistencia técnica da Consellería de Educación.

Equipo TIC

Todo o relacionado cos obxectivos e liñas de actuación do equipo TIC pode ser consultado na PXA do centro, publicado na nosa aula virtual:

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcardealquiroya/system/files/P.X.A.%20Quiroya%202021-2022_Portada.pdf

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autavaliación SELFIE

A primeira ferramenta que utilizamos de cara a elaboración da matriz DAFO foi a plataforma de autoavaliación SELFIE. Na seguinte táboa amosamos os resultados da mesma nas diferentes áreas que compoñan dito test de autoavaliación (sobre as puntuacións de 0 e 5).

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria e infantil
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,1
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	2,5
	Alumnado	3,5
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,3
	Alumnado	4,2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,1
	Profesorado	3,5
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,7
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	2,8
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	3,3
	Alumnado	4

Test CDD

A segunda ferramenta da que dispuxemos para a recollida de datos sobre a situación dixital do centro para orientar a elaboración da matriz DAFO foi o test CDD. A continuación pasamos a recoller os datos de participación do profesorado que realizou o test:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	25	68,00%
PROVISIONAL	5	8	62,50%
INTERINO	0	1	0,00%

SUBSTITUTO	2	4	50,00%
DESPRAZADO	1	2	50,00%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

<u>Puntuación media do test (sobre 192)</u>	<u>Nivel de competencia</u>	<u>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</u>	<u>Nivel de competencia en Galicia</u>
75	INTEGRADOR/A (B1)	76,5	INTEGRADOR/A (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	<u>Puntuación media do test (sobre 192)</u>	<u>Nivel de competencia</u>	<u>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</u>	<u>Nivel de competencia en Galicia</u>
PRIM.	78,3	INTEGRADOR/A (B1)	77	INTEGRADOR/A (B1)
INF.	51,7	EXPLORADOR/A (A2)	68,2	INTEGRADOR/A (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	8,00%
A2	12	48,00%
B1	3	12,00%
B2	5	20,00%
C1	3	12,00%
TOTAL	25	100,00%

2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Acceso global a Internet. Dispositivos dixitais para o alumnado E-Dixgal.	Obsolescencia de equipo informático non cuberto polo proxecto E-Dixgal. Velocidade irregular de conexión a Internet. Falta de espazos específicos para o uso de dispositivos dixitais. Falta de repositorios colectivos. Falta de tecnoloxías asistenciais para traballar co alumnado con NEE.
	PERSOAL DOCENTE	Séntese apoiado polo equipo directivo para empregar a tecnoloxía.	Non ten tempo para explorar recursos tecnolóxicos.

		Ten acceso ao DPC Procura e emprega recursos educativos en liña. Ten iniciativa para o uso pedagóxico de ferramentas dixitais.	Participación mellorable en actividades formativas. Formación non se axusta ás súas necesidades. Falta de creación de recursos dixitais propios e/ou problemas para compartilos a través de repositorios comúns.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Alta competencia dixital. Percibe que se empregan as tecnoloxías para adaptarse ás súas necesidades.	Falta de actividades que o impliquen e fomenten a súa colaboración. Demanda de aprendizaxe en programación e codificación. Falta de resolución de problemas técnicos.
	FAMILIAS	Comunicación regular a través de plataformas dixitais (principalmente ABALAR).	
	OFERTA	Empréganse as tecnoloxías nas diversas áreas. Apréndese a verificar a calidade da información. O alumnado percibe que se ensina a empregar a tecnoloxía de maneira segura.	Realízanse poucas actividades que impliquen ao alumnado e fomenten a súa colaboración. Emprego insuficiente das tecnoloxías para fomentar a súa intercomunicación. Uso insuficiente das TIC en proxectos interdisciplinares.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Debates regulares sobre o uso da tecnoloxía.	Non ten unha estratexia dixital. Non se empregan as tecnoloxías para colaborar con outras entidades nin outros centros.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Exceso de carga laboral e burocrática que dificulta a asistencia á formación continua. Asistencia técnica limitada para equipos informática fóra de E-Dixgal (e para isto, a asistencia é lenta).
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	Imaxe moi positiva pola súa implicación coa LSE e a difusión desta implicación a través das redes.	
	ANPA	Abertas á colaboración coas iniciativas do colexio sobre a tecnoloxía dixital.	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración dos obxectivos do presente Plan Dixital, o equipo encargado de desenvolvemento reuniuse para establecer as liñas de acción prioritarias a partir da análise da matriz DAFO. A selección de obxectivos centrouse nas debilidades detectadas na matriz e contrastada pola propia observación do equipo a partir de criterios de emerxencia e viabilidade.

Dende o suposto da viabilidade, o equipo escolle unha serie limitada de obxectivos que puideran ser realizables no prazo dun curso ou dous. Para garantir o cumprimento, o equipo estableceu unha serie de indicadores con valores de partida e chegada, asignou as persoas encargadas de levar a cabo os obxectivos e acordou unha temporización realista para levalos a cabo.

A continuación detallamos a serie de obxectivos seleccionados polo equipo de Plan Dixital xunto coa relación de indicadores, responsables e cronogramas.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O desenvolvemento do Plan Dixital supón algunha necesidade de equipamento adicional do que xa dispón o centro. Para desenvolver o obxectivo relativo á habilitación de novos espazos para crear contidos dixitais audiovisuais, o centro demandará novo equipamento vinculado ao desenvolvemento do proxecto de Polos Creativos, que implicarían a administración de equipos ultraportátiles para aula móbil e diferente equipamento de gravación de audio e de vídeo.

5.1.

Á súa vez, tamén será preciso contar co servizos dixitais educativos cara ao uso progresivo da plataforma Agueiro e o establecemento de repositorios comúns.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1: (1)	Incrementar a competencia dixital das familias no manexo de ferramentas educativas de uso cotián no centro: AbalarPro, Moodle, E-DIXGAL.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de familias que continúan a formación unha vez iniciada.					
Valor de partida: (3)	Non hai datos.					
Valor previsto e data: (4)	70,00%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Crear un grupo de traballo encargado de xestionar a formación de familias.	Equipo directivo	01/10/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Comunicarlle ás familias o inicio do programa e publicitar a importancia da participación na mesma.	Equipo directivo	15/10/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Elaborar un plan de formación ás familias centrado nas plataformas de comunicación e ferramentas educativas que uso cotián no centro: AbalarPro, Moodle.	Profesorado do grupo de traballo	01/11/22	Ordenadores e/ou táblets.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1: (1)	Crear unha comunidade educativa utilizando a plataforma Agueiro para potenciar o traballo colaborativo e facilitar as comunicacións.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, coordinador TIC, claustro do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de persoas da comunidade educativa que usan Agueiro.					
Valor de partida: (3)	0%					
Valor previsto e data: (4)	50,00%					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Solicitar a plataforma Agueiro para o centro e matriculación do profesorado e alumnado.	Claustro do centro, equipo directivo, coordinador TIC.	Final do primeiro trimestre do 2023.	Internet, ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Crear dun PFPP para que o profesorado coñeza as posibilidades de Agueiro..	Equipo directivo, claustro, coordinador TIC do centro.	Final do terceiro trimestre do curso 2023.	Internet, formulacio de solicitude, ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3. Elaborar unha guía na que se plasmen as distintas posibilidades de comunicación entre profesorado e alumnado.	Equipo directivo, coordinador TIC, claustro do centro.	Segundo trimestre do curso 2023.	Internet, recursos proporcionados pola Consellería (Aula Virtual), ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1: (1)	Elaboración dun banco de recursos educativos propios na Aula Virtual do centro para consulta e utilización de todo o Claustro				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, coordinador TIC, Claustro do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de recursos educativos creados.					
Valor de partida: (3)	0%					
Valor previsto e data: (4)	15 recursos dixitais.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:Realizar unha busca por Internet de recursos e páxinas de interese para logo afondar no seu uso no PFPP	Claustro do centro, equipo directivo, coordinador TIC.	Primeiro trimestre do curso 2023/2024.	Internet, ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Crear un PFPP para afondar no uso de ferramentas para a creación de recursos educativos.	Equipo directivo, claustro, coordinador TIC do centro.	Final do primeiro trimestre do curso 2023/2024.	Internet, formulacio de solicitude, ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendent	
AO2.3. Crear na A.V. un repositorio colaborativo para subir material elaborado.	Equipo directivo, coordinador TIC, claustro do centro.	Segundo trimestre do curso 2023/2024.	Internet, recursos proporcionados pola Consellería (Aula Virtual), ordenadores.		Realizada	

Área/s de mellora:						
OBXECTIVO 1: (1)	Reorganizar os espazos do centro educativo para facilitar a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, coordinador TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Reorganización dos espazos do centro educativo.					
Valor de partida: (3)	Aula de informática					
Valor previsto e data: (4)	Espazo con ordenadores e equipamento para a creación de contidos audiovisuais (equipo de gravación de vídeo, audio, croma...)					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Realizar unha proposta de reorganización do material e dos espazos do centro.	Equipo directivo e equipo TIC.	Setembro do 2022.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2:Dotar de equipamento tecnolóxico básico.	Equipo directivo, equipo TIC.	Primeiro trimestre do 2022/2023.	Ordenadores, táblets, cámaras, micrófonos, focos, fondo croma.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3. Elaborar un protocolo e horario de uso.	Equipo directivo, equipo TIC.	Despois das actuacións anteriores..			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.4. Crear un proxecto por parte de cada titor utilizando os medios da nova sala.	Profesorado do claustro.	Ao longo do curso.				

4. Avaliación do plan

No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será difundido a través da web do centro, aparecendo tanto na PXA como no apartado da mesma propio do equipo de Plan Dixital. Ademais, o equipo de Plan Dixital informará das súas accións e necesidades ao conxunto do equipo docente a través do claustro de profesores e do contacto regular co resto de equipos do centro (especialmente co equipo de TIC dada a súa estreita relación e obxectivos comúns).